

A XERENCIA DA EOXI DE A CORUÑA ESTABLECE UNHA NOVA ORDE DE CHAMAMENTOS SALTÁNDOSE O PACTO DE CONTRATACIÓNS

Queremos denunciar a situación que se deu esta semana na Xerencia de A Coruña, onde se vulneraron completamente todas as normas do Pacto de contratacións ofertando contratos a enfermeiras que non estaban inscritas nas listas de contratación, cando en ningún momento houbera unha situación de indispoñibilidade. Nas listas de Enfermeiras dispoñíase de máis de 100 aspirantes inscritos na área de A Coruña que estaban sen traballar.

Trala denuncia de **CIG-Saúde** en **A Coruña** conseguimos frear a situación dada na categoría de Enfermería e esiximos a rectificación de toda a contratación. Á vista da nosa denuncia, a Administración comprometeuse a rectificar estes contratos.

A Coruña, 7 de xullo de 2015.

